



Concello de Sarria

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO ORGANISMO AUTÓNOMO RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME DE SARRIA PARA A PROVISION, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE INTEGRACIÓN SOCIAL, COMO FUNCIONARIO INTERINO, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DE “MELLORA NA XESTIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME DE SARRIA” (Art. 10.1.c) do R.D.L. 5/2015).

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na Casa do Concello de Sarria, sendo as 12:00 horas do día 4 de abril de 2018, constitúese o tribunal cualificador encargado de avaliar as probas selectivas de referencia, todo elo de conformidade co disposto no decreto de nomeamento ditado polo Presidente do organismo autónomo, co nº 13/2018, do 16/03/2018; e coas bases reguladoras do proceso selectivo que se redactaron para o dito fin, e que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 28, do día 3 de febreiro de 2018.

O tribunal quedou constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTA: D^a M^a Aránzazu Sastre Carracedo, tesoureira do Concello de Lugo.

VOGAIS:

D. José Luís Gegunde López, traballador social do Concello de Ribadeo.

D. José Rodil Veiga, técnico de administración xeral do Concello de Ribadeo.

D^a Raquel Meilán Sánchez, técnico de administración xeral da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO: Rodrigo Arias Iglesias, funcionario do Concello de Sarria, que actúa con voz pero sen voto.

2.- PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CONVOCATORIA DE EXAME.

De conformidade co acordado polo tribunal cualificador, convócase a tódolos participantes no proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, acto que terá lugar o próximo **luns, 16 de abril de 2018, ás 11:00 horas, no salón de sesión da Casa do Concello de Sarria.**

O exercicio consistirá na “realización dun cuestionario tipo test con 30 preguntas (máis 5 de reserva) con 3 respostas alternativas nun tempo máximo de 60 minutos sobre as materias comprendidas no temario, na Parte Primeira do ANEXO I. As respostas erradas non invalidarán as correctas. Puntuación máxima: 30 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden 15 puntos.”

Para o desenvolvemento deste primeiro exercicio da fase de oposición, o tribunal acordou habilitar un sistema de control numérico, que se establece mediante a asignación de números e follas de control a tódolos aspirantes, e que ten como finalidade que se descoñezan as identidades dos opositores durante o proceso de corrección dos exames.

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916